



XUNTOS PODEMOS PROTEXER A PRAIA

SABES POR QUE AS DUNAS SON IMPORTANTES?

As dunas son o almacén de area das praias. Constitúen unha barreira que protexe a costa contra as tormentas, pero as nosas actividades poden provocar desequilíbrios que afectan a súa capacidade de conservación e protección. Cando se perturban, os praias perden area nun proceso lento, que pode levar décadas, e tarda moito en restablecer a súa dinámica natural. Ademais, as dunas albergan unha gran diversidade de especies de flora, aves, réptiles e invertebrados que non as atoparemos noutro sitio.

COMO PODO CONTRIBUÍR A CONSERVAR AS DUNAS?

NON CAMIÑES POLAS DUNAS

Usa os pasos de madeira e accesos habilitados para acceder á praia. Camiñar por riba dana a vexetación e impide o crecemento de plantas máis pegúenas.



NON COLOQUES A TOALLA, OS PARASOIS NIN A BICICLETA

As dunas son esenciais para a conservación da praia e a súa biodiversidade, non para tomar o sol.



USA OS BAÑOS DA PRAIA

Non empregues as dunas como un espazo no que agocharse e utilízalo como retrete. Respecta o valado das dunas.



EVITA QUE O TEU CAN OU CADELA ACCEDA ÁS DUNAS

Poden asustar as especies de aves protexidas que anidan aquí.

ESTACIONA O VEHÍCULO SÓ NAS ZONAS ESTABLECIDAS

As dunas son un ben común. Se as nosas pegadas as alteran, imaxina as dos coches.



GOZA DAS DUNAS DE LONXE

Ainda que saen belas nos autorretratos, é moi importante non pisalas.



RECOLLE O TEU LIXO

O vento pode empurrar os nosos residuos, ensuciando as dunas, que son difíciles de limpar.



PARTICIPA EN CAMPANHAS DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL

Poden unirse a campañas de recollida de residuos nas praias, recuperación da vexetación de ambientes dunares ou erradicación da flora invasora das dunas. Anima as autoridades a recuperar os espazos dunares.



NON LEVES AS CUNCHAS PARA CASA

A area das praias tamén está formada por fragmentos de cunchas de moluscos. Lembra que especies como o caranguejo ermitán precisa delas para vivir.



NON ARRINQUES AS PLANTAS DAS DUNAS

Están adaptadas a un ambiente moi duro. Poden ter raíces profundas que estabilizan o terreo e reteñen a area.



ESPECIES INVASORAS DAS DUNAS



COMO SE FORMAN AS DUNAS?

DUNA EMBRIONARIA

As correntes e as mareas distribúen a area que chega ás praias e o vento move os grans de area. Os restos de algas e outros materiais orgánicos permiten o crecemento dunha primeira franxa de vexetación pioneira. Detrás desta franxa fórmase a duna embrionaria, cunha vexetación adaptada para soportar o forte vento, a salinidade, e a inestabilidade do terreo e a ausencia de auga doce.

DUNAS MÓBILES

Estas dunas, empurradas polo vento, tenden a desprazarse desde a costa cara ao interior, formando dunas móbiles, cos seus recoñecibles montículos de area dominados por plantas como o feno da praia (*Ammophila arenaria*) ou a grama das areas (*Elymus farctus* subsp. *boracifolius*).

DUNAS FIXAS

A medida que nos afastamos do mar, a influencia do vento é menor e as características ambientais cambian. Nesta franxa de duna fixa crecen plantas herbáceas e pequenos arbustos. Nela adoitán crearse depresións no chan nas que se forman lagoas e brañais que aumentan a diversidade biolóxica.

DUNAS ESTABILIZADAS

A fase final do desenvolvemento dun sistema dunar é a duna fixa. Son as dunas máis antigas que presentan un solo consolidado no que mediran especies arbustivas e arbóreas, como o piñeiro bravo (*Pinus pinaster*).

